



CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903

Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es

RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

Asunto: Aprobación da lista definitiva de persoas admitidas e excluídas convocatoria selección de persoal para a provisión, en réxime de dereito laboral temporal, de 4 postos de peóns/as, durante 6 meses. PEL-CONCELLOS/2026, da Deputación da Coruña 2026

Núm. Admvo. Expte: 2026/E001/000002

Expte. Decreto Núm.: 2026/G003/000247

Visto o expediente que se tramita para a selección de 4 postos de peóns/as, durante 6 meses, persoal laboral temporal, ao abeiro da subvención concedida polo programa PEL-CONCELLOS 2026 da Deputación da Coruña.

Visto que por Resolución de Alcaldía núm. 180/2026, de data 11/03/2026, aprobáronse as bases da convocatoria para a selección de persoal para a provisión, en réxime de dereito laboral temporal, de 4 postos de peóns/as, durante 6 meses, Programa PEL-Concellos/2026 da Deputación da Coruña.

Visto que con data do 17/03/2026 publicouse no BOP núm. 51 as bases da convocatoria para a selección deste persoal, no que se establece un prazo de presentación de solicitudes de 5 días hábiles desde a publicación da dita convocatoria no BOP.

Por Resolución de Alcaldía núm. 232/2026, de 06/04/2026 aprobouse a lista provisional de persoas admitidas e excluídas outorgándose un prazo de 2 días hábiles contados desde o día seguinte ao da publicación da lista provisional de persoas admitidas e excluídas para poder emendar o defecto que motivara a súa exclusión. A dita resolución foi publicada no taboleiro de anuncios da sede electrónica municipal con data do 06/04/2026.

Rematado o prazo para a presentación de emendas, procede a aprobación definitiva de persoas admitidas e excluídas, nomeamento de tribunal e a fixar o lugar, data e hora para a valoración de méritos e a realización da proba de coñecemento da lingua galega.

Pola presente, esta Alcaldía de conformidade co establecido no art. 21.1.g) da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases de Réxime Local,

RESOLVE:

PRIMEIRO. Aprobar, de acordo coa base sétima da convocatoria para a selección de persoal para a provisión, en réxime de dereito laboral temporal, de 4 postos de peóns, durante 6 meses, Programa PEL-CONCELLOS/2026 da Deputación da Coruña, a lista definitiva de persoas aspirantes admitidas (anexo I).

A inclusión das persoas aspirantes na lista definitiva de admitidos/as non supón, en ningún caso, o recoñecemento por parte desta administración municipal de que aqueles reúnen os requisitos esixidos para ser nomeados para a súa contratación.

Como anexo II inclúese a listaxe de persoas aspirantes que non acreditan o coñecemento do idioma galego.



CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903

Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es

SEGUNDO. Designar ao Tribunal Cualificador previsto na base 8ª das bases reguladoras, que estará composta polos membros seguintes:

Presidenta: Isabel Mª Castro Añón, administrativa de contabilidade deste concello.

Suplente: Julio Torreira López, animador deportivo deste concello

Vogais:

Javier Cundíns Pose, operario de servizos múltiples deste concello.

Suplente: José Manuel Santos Pose, operario de servizos múltiples deste concello

Mª Dolores Antelo Collazo, traballadora social deste concello

Suplente: Marcial Álvarez Pose, policía local deste concello

Alejandra Castro Añón, administrativa de contabilidade deste concello

Suplente: Manuel Lema Pérez, auxiliar de policía local deste concello

Secretaría: Sandra Vázquez Mira, xefa do Negociado de Secretaría

Suplente: Emilia Alborés Lema, AEDL do Concello de Laxe.

TERCEIRO. Convocar ao tribunal cualificador para o venres 10 de abril de 2026, ás 10.00 h para a realización das probas da fase de oposición e posteriormente para a avaliación de méritos da fase de concurso.

CUARTO. Convocar aos aspirantes admitidos/as para o venres 10 de abril de 2026, **ás 10.30 h, na Piscina municipal deste concello para a realización das probas prácticas.** As persoas admitidas serán chamadas segundo a orde establecida na base novena da convocatoria.

QUINTO. Convocar aos aspirantes admitidos/as que non acreditaron estar en posesión do título de Celga 1 ou equivalente para a **realización da proba de coñecemento do galego para o venres 10 de abril de 2026, ás 12.00 h, na Casa do Concello, sita na Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26, en Laxe.**

SEXTO. Publicar esta resolución no Taboleiro de Anuncios da sede electrónica deste concello.

SÉTIMO. Dar conta deste decreto na vindeira sesión plenaria que se realice.

Mándao e asíno, en Laxe, na data da sinatura incluída á marxe, o alcalde, don Francisco Charlín Oróns, do que eu como secretaria-interventora dou fe.

O alcalde,

Asdo. Francisco Charlín Oróns

A secretaria-interventora,

Asdo. Begoña Carrasco García



CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903

Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es

ANEXO I: PERSOAS ASPIRANTES ADMITIDAS AO PROCESO SELECTIVO PARA A PROVISIÓN, EN RÉXIME DE DEREITO LABORAL TEMPORAL, DE 4 POSTOS DE PEÓNS/AS, DURANTE 6 MESES (PROGRAMA PEL-CONCELLOS 2026, DA DEPUTACIÓN DA CORUÑA)

Nº	APELIDOS E NOME	DNI
1	ÁLVAREZ VALIÑA, ANTONIO	***6576**
2	DURÁN ALBORÉS, ROSA	***6458**
3	GONZÁLEZ RIVERO, JAC	***8061**
4	LORES FANDIÑO, FRANCISCO JAVIER	***7159**
5	MOURELLE CASTRO, LAURA	***0398**
6	MOUZO POSE, JUAN MANUEL	***3322**
7	TOJA TOJA, JOAQUÍN	***1626**
8	VIGO BOUZAS, ALEJANDRO FRANCISCO	***6210**
8	VIGO VIDAL, JORGE ANTONIO	***1826**

PERSOAS ASPIRANTES EXCLUÍDAS:

Ningunha

ANEXO II: PERSOAS ASPIRANTES AO PROCESO SELECTIVO QUE NON ACREDITAN O COÑECEMENTO DO IDIOMA GALEGO

Nº	APELIDOS E NOME	DNI/PASAPORTE	MOTIVO
1	ÁLVAREZ VALIÑA, ANTONIO	***6576**	1
2	DURÁN ALBORÉS, ROSA	***6458**	1
3	GONZÁLEZ RIVERO, JAC	***8061**	1

1.- Non achega documento xustificativo de estar en posición do título de Celga 1 ou equivalente.